



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2013, adoptou o seguinte acordo:

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 12032/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes.-

1º.- *A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 12/03/2013, acordou aprobar o anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, que consta de maneira fundamental dos seguintes apartados e os anexos obrantes no expediente:*

- ✓ *Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.*
- ✓ *Descrición e definición da obra a executar. Definición da parcela. Planos de situación. Definición e programa funcional das instalacións a construír.*
- ✓ *Orzamento dos gastos de execución da obra.*
- ✓ *Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizos, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión.*

2º.- *Segundo resolución do concelleiro-delegado de Deportes de data 4/04/2013 procédese a someter a exposición pública polo prazo dun mes, do anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia. de acordo co establecido no artigos 133.2 e 129.3 do TRLCSP".*

3º.- *O período de exposición pública rematou o pasado 15 de maio sen que se presentaran alegacións ao expediente, segundo consta na certificación do 20/05/2013, asinada pola Secretaria do Goberno Local e conformada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal.*

PROPOSTA.-

Por todo o exposto, o técnico que subscribe, propón que a Xunta de Goberno Local, adopte o seguinte acordo:

Tendo en conta a non presentación de alegacións no trámite de exposición pública, aprobar, con carácter definitivo, o anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos

con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, que consta de maneira fundamental dos seguintes apartados e os anexos obrantes no expediente:

- ✓ *Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.*
- ✓ *Descrición e definición da obra a executar. Definición da parcela. Planos de situación. Definición e programa funcional das instalacións a construír.*
- ✓ *Orzamento dos gastos de execución da obra.*
- ✓ *Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizos, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a catorce de xuño do ano dous mil trece.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.